

CCR/Ra/Ms



Data Rexistro: 01/12/2023 11:59:14  
Nº Rexistro: 2023000757

SAIDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 24 de novembro de 2023, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo deputado D. Cesáreo Mosquera Lorenzo:

18.8098.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E pasamos ao punto número 18 que é Rogos e Preguntas. Ten a palabra o Voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Vou a reiterar un rogo que debo de levar facendo, pois se cadra, hai vinte anos, eu que sei, dende logo hai moitos. As cadeiras presidenciais son incómodas, son incómodas, non son especialmente ..., pero estas son terroríficas, son un atentado para a espalda, son un absoluto atentado para a espalda e máis pas pousadeiras. Non sei, a ver se teño sorte, levo insistindo neste desde, creo que desde Abeledo, ¡eh!, ou sexa, que xa, imaxínense, a ver si hai sorte, a Sra. Ramallo rise porque estivo aquí hai dez anos e ..., a ver se hai sorte e se cadra incluso ata colabora outras, ¡que val!, á parte da saúde e digamos da espalda e tal, igual colabora tamén a que a xente se relaxe máis e non ..., porque claro ao estar incómodo pois se excita, e se vén arriba, e fai así, ¿non?, intervencións moi esaxeradas. A ver se teño sorte, ¿non?; outra é esta de aí, pero esa é un pouco posterior, esa de aí que un día eu non sei como estaba, e veremos se non se lle cae na cabeza a quen ..., entroume a preocupación cando me tuven que sentar aí algunha vez, que non sei que pinta aí, e leva xa dende, non sei de que anos, e non vaía ser que un día se veña abaixo, igual que eso de aí. Pero bueno, en todo caso se temos sorte cos, si logro eso, pois será, bueno, despois de moitos anos insistindo pois se cadra lógrase, a ver, hai que ser perseverante, a ver se hai sorte.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Mosquera. Vaime ter que explicar, que eu levo pouco tempo nesta casa, a ver por que non se fixo, por exemplo, nos últimos oito anos, algunha explicación terá. Vostede tiña responsabilidades, ¡eh!, e podía decidir. Bueno, nada. Seguimos.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Cesáreo Mosquera Lorenzo.- Arquitectura.- Presidencia.- Montserrat Otero Oitavén (Presidencia).- Secretario.- Central.-

